

2011: O ano da novela gráfica galega

A exposición principal das Xornadas de 2012 é unha colectiva en torno ao fenómeno da novela gráfica en Galicia, cos principais traballos en BD publicados por autores galegos o ano pasado.

HENRIQUE TORREIRO

A fenomenal mudanza que se vén producindo no panorama da banda deseñada galega nos últimos anos levou, entre outras cousas, a que moitos autores non teñan xa medo aos proxectos longos e estean a presentalos, mesmo acabados, nas editoriais. Isto implica tamén que, mesmo en Galicia, hai editoras que aceptan publicar eses proxectos: unhas, dedicadas integramente á banda deseñada (como Demo), e outras, a desembarcar con decisión nese terreo (como Xerais). Non é que isto sucedese repentinamente en 2011, mais pode dicirse que este ano supuxo un fito dentro da historia da BD galega, pola cantidade e calidade das obras que nel apareceron.

A organización das **Xornadas** seleccionou para esta mostra páxinas de **El héroe – Libro I**, de **David Rubín** (Astiberri); **Aventuras de un oficinista japonés**, de **José Domingo** (Bang); **A man do díaño**, de **Brais Rodríguez** (Demo/Astiberri); **Las fabulosas crónicas del ratón taciturno**, de **Martín Romero** (Sins Entido/Apa Apa); **Sangre de mi sangre**, de **Lola Lorente** (Astiberri); **Lois Pereiro – Breve encontro**, de **Jacobo Fernández** (Xerais/Sins Entido), e **Punto de fuga**, de **Miguel Cuba** (Demo). Todas elas contan cun currículo importante: **El héroe** e **Aventuras...** recibiron premios (a segunda, o de Mellor obra no Saló de Barcelona) e foron nomeadas para diversos galardóns; **Sangre de mi sangre** e **Las fabulosas crónicas...** son produto de bolsas de estada na Maison des Auteurs (Angoulême), por premio aos seus autores por parte da Alhóndiga Bilbao; **A man do díaño** gañou o Premio Castelao da Deputación coruñesa; **Punto de fuga** obtivo unha axuda da convocatoria da Xunta para a creación en banda deseñada. Falamos de obras que en boa medida están a transcender o ámbito editorial para o que foron concibidas: a obra de **José Domingo**, editada inicialmente en España e Francia, ten xa publicación no Reino Unido, e nada menos que por Nobrow; **Las fabulosas crónicas...** apareceu xa en francés, da man da independente suíza Atrabile; incluso a obra que podería parecer máis local, máis difícil de entender fóra de Galicia, **Breve encontro**, foi traducida a castelán (en versión aumentada polo autor) por Sins Entido. Alén disto, hai que remarcar —e non é un asunto trivial— que son obras que están a ter moi boa acollida por parte do público lector.

Boa parte do éxito actual da banda deseñada vén precisamente da aceptación social dun termo, o de *novela gráfica*, que conseguiu algo que parecía imposible hai ben pouco tempo: unha normalización case total, case *natural*, da banda deseñada dentro do espectro das diversas manifestacións culturais existentes. O termo, porén, agacha unha certa trampa, xa que estamos lonxe de ter unha definición de consenso para «novela gráfica». Para uns, trataríase dun simple formato editorial —e, de feito, éo, ante todo—; para outros, tería máis a ver con algo máis fondo, cunha forma de contar, cun posicionamento perante a banda deseñada, e non sería necesariamente un transvase do significado de «novela» nos paradigmas literarios actuais: grandes exemplos da novela gráfica internacional como as obras de **Chris Ware** pouco teñen que ver co que tradicionalmente se entendeu por *novela*. Aínda así, nin sequera os máis férreos defensores desta teoría deron encontrado as claves precisas para este novo caixón de xastre. Por bosquexarmos un posíbel acoutamento do termo, poderíamos dicir se vai entendendo que a *novela gráfica* é un libro —e externamente é perfectamente homologábel a calquera outro nunha librería— que contén unha historia longa e autoconclusiva, dividida ou non en capítulos, aínda que isto precisaría toda unha chea de matices. Podería engadirse ademais que a sensibilidade da novela gráfica está aberta

de forma clara a temáticas que aparentemente non eran habituais nos cómics —e creo que isto é máis unha impresión do público que unha realidade: antes ben, podería ser que o mundo da BD teña comezado a superar certos complexos de inferioridade, e que iso provocase nel, como efecto colateral, a percepción exterior de algo distinto e novo—. Si estaría claro, nunha aproximación tan básica como esta, que ficarían fóra da definición algúns estándares tradicionais da banda deseñada como as series de continuación indefinida, algúns subxéneros identificados popularmente cos cómics e mesmo formatos fisicamente estraños ao mercado editorial literario, como o álbum de tipo europeo. A propia listaxe de obras consideradas para esta mostra deixa claro, non obstante, que os límites destas vereas provisorias son extraordinariamente febles: a obra de **Rubín** trata, aínda que de forma *sui generis*, o mundo dos superheroes; a de **José Domingo** emprega un formato moi diferente ao dun libro convencional, ademais de usar sen ambaxes todo tipo de elementos da cultura popular; a de **Martín Romero** está composta por varias historias curtas, aínda que unidas tematicamente e cun mesmo protagonista; a de **Jacobo Fernández** é tamén unha amálgama que mestura a narración con adaptacións de poemas e outras obras á BD... E, así e todo, non parece haber dúbida en que son todas elas novelas gráficas.

O que si está claro é que se trata de obras de intenso traballo autoral, froito do tesón dos seus autores. Independentemente de que conseguisen parcialmente o financiamento da produción da súa obra, estamos ante obras promovidas polos seus creadores, non polos editores. Obras en que prima a intención creativa antes que calquera interese de tipo comercial, no sentido máis industrial da palabra.

En calquera caso, cómpre lembrar que as obras que compoñen a exposición nin son as únicas (o mesmo 2011 editaron tamén obras cualificábeis como novelas gráficas outros autores, como **Tokio** —**Cabana de Balieiros**) nin serán as derradeiras: o que xa apareceu este ano —sen ir máis lonxe, a serie **Castelao** de **Inacio** e **Iván Suárez**—, e o que se anunciou que está en camiño, fai supoñer sen moita posibilidade de equivocación que os próximos anos (espero que moitos) tamén serán anos da novela gráfica galega.

Publicado no número 19 d'O Fanzine das Xornadas (novembro 2012)